

RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DO SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DE ASESORES ESPECIALISTAS E PERSOAL AUXILIAR DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS E POSTOS DE PSICÓLOGO/A ASESOR/A DO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (LISTA B)

Consonte á base 8ª das bases xerais que rexen a convocatoria do proceso selectivo convocado para a creación dunha lista de reserva para a provisión interina de prazas e postos de técnico/a de psicólogo/a asesor/a do centro de información á muller (lista B), publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 71, de data 11 de abril de 2019, o tribunal cualificador, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración e as súas especialidades técnicas. Así mesmo poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

O Tribunal acorda incorporar persoal asesor especialista durante o primeiro exercicio, tipo test, así como para o desenvolvemento do terceiro exercicio, sobre coñecemento do idioma galego, coas labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración nas súas especialidades técnicas.

A vista do anterior esta concellaría, no exercicio das súas atribucións delegadas

RESOLVE

Primeiro.- Designar, en calidade de membro asesor do tribunal para a corrección do primeiro exercicio, tipo test, a don Santiago Pérez Agra, funcionario adscrito ao Servizo de Informática.

Segundo.- Designar en calidade de membro asesor do tribunal para a corrección do terceiro exercicio, consistente no coñecemento do idioma galego, a dna. Concepción Cochón Rodríguez, asesora lingüística, personal adscrito á Unidade de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra.

Cuarto.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, situado no baixo do edificio sito na rúa de Michelena número 30, para xeral coñecemento e efectos e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

Así o ordena e dispón o Concelleira responsable do Servizo de Persoal e Cultura no exercicio das súas atribucións delegadas, en Pontevedra, na data da sinatura electrónica, do que eu, Secretario da Administración Municipal, dou fe.